TURISMO DE GALICIA

galicia

MEMORIA FUNCIONAL

PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

MEMORIA FUNCIONAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO CADRO DE PERSOAL DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

O 14 de abril de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, fundamentada nos criterios de eficacia que inspiran a actuación e a organización administrativa.

En virtude dos criterios arriba indicados, e de acordo co previsto nos artigos 23.3 e 26.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 48/2024, do 22 de abril, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, adscribiu á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Turismo de Galicia, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.

A relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico ao través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos, precisando os requisitos para o desempeño de cada posto e comprendendo a denominación, características esenciais deles, requisitos esixidos e determinación das retribucións complementarias.

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74, sobre a ordenación dos postos de traballo, que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou doutros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Os ditos instrumentos serán públicos.

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Neste senso, o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei e que a través da respectiva relación de postos de traballo, estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal, co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

A vixente relación de postos de traballo da Axencia Turismo de Galicia, foi aprobada polo Acordo do Consello da Xunta do 15 de xullo de 2015, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda do 16 de xullo de 2015 (DOG núm. 138, do 23/07/2015). Posteriormente, realizouse unha modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 9 de agosto de 2022 (DOG núm. 153, do 11/08/2022), e unha modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública da mesma data (DOG núm. 44, do 3/03/2023).

Ademais, no cadro de persoal da axencia figuran cento trinta e nove (139) postos (persoal propio da entidade), a raíz da incorporación dos postos de traballo da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos e da S.A. Xestión do Plan Xacobeo á Axencia Turismo de Galicia, segundo se establece na disposición adicional cuarta do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos. Os cadros de persoal das entidades que se extinguiron ou modificaron o seu obxecto social son os instrumentos de xestión do persoal nesta axencia ata que se aprobe a relación de postos de traballo correspondente.

Tendo en conta o anterior, e tomando como referencia o artigo 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, que establece no seu punto 1, que a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución,

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

formación, promoción profesional e mobilidade, propóñense as seguintes modificacións na RPT da Axencia Turismo de Galicia.

MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN:

1. Creación de postos

Segundo o establecido na disposición adicional primeira, apartado 4, do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, a axencia subrogarase tamén en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos, no momento en que se proceda á súa extinción e nas relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, derivadas ou directamente vinculadas coas funcións que son asumidas pola Axencia, no momento da modificación dos seus estatutos.

Na disposición adicional cuarta do citado decreto establécese que a Axencia Turismo de Galicia asumirá os postos de traballo do cadro de persoal da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos no momento en que se produza a extinción da súa personalidade xurídica, así como os postos de traballo do cadro de persoal da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, desde o momento en que se produza a modificación do seu obxecto social, de acordo coas funcións que a axencia asume.

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as creacións propostas:

1.- Creación do posto "Xefatura de Sección Contabilidade Financeira", con código **PX.A29.10.002.15770.015**, de nivel 25, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) do corpo xeral, e experiencia en contabilidade e xestión orzamentaria (MÉRITO).

Tendo en conta o comentado con anterioridade, a Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120010 (centro TUPT0001), referenciado na EPT da axencia como PX_EXT49 "XESTOR/A DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA E DE PERSOAL",

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

que realiza funcións de especial responsabilidade, pola xestión da información que manexa e pola dificultade técnica dos seus cometidos, dentro da Área de Xestión Económica e Orzamentaria da axencia.

Respondendo a estes obxectivos, prevese a aprobación dunha modificación da RPT da Axencia de Turismo de Galicia coa finalidade de dotar a esta entidade dunha nova Xefatura de Sección de Contabilidade Financeira, para a que se solicita coñecementos técnicos e prácticos en contabilidade e acreditada experiencia na materia. Tendo en conta ademais, a necesidade dun especial coidado na xestión e tramitación da información (protección de datos), xa que neste posto os datos manexados serán de especial sensibilidade e responsabilidade, por tratarse de información reservada de Turismo de Galicia, do Centro Superior de Hostalería de Galicia e da Xunta de Galicia.

Este praza terá encomendadas tarefas de contabilidade financeira, elaboración de declaracións e modelos tributarios, elaboración das contas anuais da entidade, levanza dos libros de IVE e do Inventario de Turismo de Galicia, e a xestión económico-financeira da actividade do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG).

Polo exposto, resulta necesario a creación do citado posto que dependerá da Área de Xestión Económica e Orzamentaria da Axencia Turismo de Galicia.

2.- Creación do posto "Xefatura de Sección de Obras", con código **PX.A29.10.002.15770.051**, de nivel 25, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto aos subgrupos A1-A2-C1, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) dos corpos xeral/especial, propoñendo a súa apertura ás escalas de Arquitectura/Enxeñería e Arquitectura/Enxeñería Técnica, para facilitar á súa cobertura. Así mesmo, requírese experiencia en xestión de obras e/ou equipamentos (MÉRITO).

A necesidade de coordinación, asistencia e supervisión dos investimentos na valorización dos recursos turísticos de Galicia que se promoven desde a Axencia; o apoio técnico sobre os investimentos en infraestruturas como consecuencia dos plans ou programas en que participa esta entidade ou por instancia doutro organismo que teña establecidas liñas de

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

apoio ao turismo; a valoración técnica de proxectos presentados por empresas en relación cos expedientes de axudas de fomento do turismo, ou por solicitude doutros órganos; a realización de informes de idoneidade turística de proxectos con incidencia especial en espazos turísticos; a supervisión e mantemento dos inmobles da súa propiedade ou adscritos á Axencia ou a creación, mantemento e xestión da rede de albergues da Xunta de Galicia, supoñen a necesidade de creación do citado posto que dependerá da Área de Obras e Mantemento da Axencia Turismo de Galicia.

3.- Creación do posto "Técnico de Cociña I", con código **PX.A29.10.005.15770.016**, de nivel 18, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto ao subgrupo C1, coa adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia, e corpos xeral/axudantes carácter facultativo/escala técnica de cociña.

4.- Creación do posto "Técnico de Cociña II", con código **PX.A29.10.005.15770.017**, de nivel 18, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto ao subgrupo C1, coa adscrición exclusiva a funcionarios da xunta de Galicia, e corpos xeral/axudantes carácter facultativo/escala técnica de cociña.

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, integrado como área na Dirección de Profesionalización da Axencia de Turismo de Galicia, é un centro de ensinanza superior adscrito á Universidade de Santiago de Compostela que forma directivos hostaleiros e xestores en cociña, e no que se imparte o grao en Xestión de Empresas Hostaleiras. Neste curso 2024/25 ten un total de 244 alumnos, dos que preto de 100 residen no centro, o que supón un incremento do 37% fronte aos 178 do curso académico 2023/24.

O incremento considerable do alumnado e as perspectivas de mantemento no tempo desta situación requiren dispoñer de persoal estable de apoio de cociña e sala. Dentro da actividade do centro inclúense servizos de restauración non relacionados coa docencia, servizos de almorzo, xantar e cea para o alumnado do CSHG e a realización doutros servizos deste tipo non vencellados ás prácticas do alumnado.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario a creación dos citados postos que dependerán da Dirección de Profesionalización da Axencia de Turismo de Galicia.

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. Amortización de postos

A continuación expóñense de xeito pormenorizado as amortizacións propostas, tanto de postos de cadro de persoal (non RPT) como de RPT:

POSTOS NON INCLUÍDOS NA RPT DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

1. Amortización do posto PX_EXT49 "Xestor/a da Área de Xestión Económica e de Persoal"

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120010 (centro TUP) da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT49 "XESTOR/A DA ÁREA DE XESTIÓN ECONÓMICA E DE PERSOAL". Realiza funcións de especial responsabilidade, pola xestión da información que manexa e pola dificultade técnica dos seus cometidos, dentro da Área de Xestión Económica e Orzamentaria da axencia. Este posto estivo ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.). Polo tanto, trátase de amortizar un posto vacante sen ocupación non incluído na RPT, pola xubilación da súa titular o 10 de outubro de 2024, para a creación dunha nova xefatura de sección incluída na RPT da entidade.

2. Amortización do posto PX_EXT42 "Titulado/a Medio"

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 672644 (centro XPX) incorporado da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT42 "TITULADO/A MEDIO". Este posto estivo ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.). Polo tanto, trátase de amortizar un posto vacante sen ocupación non incluído na RPT, pola xubilación da súa titular o 1 de outubro de 2024, para a creación dun posto de técnico/a de cociña incluído na RPT da entidade.

3. Amortización do posto PX_EXT88 "Xestor/a I TUP"

A Axencia Turismo de Galicia incorpora, entre outros, o posto co código 7120037 (centro TUP) da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A., na actualidade referenciado na EPT da axencia como PX_EXT88 "XESTOR/A I TUP". Este posto, que está ocupado por persoal laboral externo (adscrito da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Turística de Galicia, S.A.), quedará vacante sen ocupación, pola xubilación do seu titular o 18 de xuño de 2025. O cal xa presentou a súa comunicación formal de xubilación, o pasado 10 de febreiro de 2025. Polo cal, o posto se amortizará, unha vez figure como vacante e non ocupado, para a creación dunha nova xefatura de sección incluída na RPT da entidade.

POSTO INCLUÍDO NA RPT DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

4. Amortización do posto base subgrupo C2 (PX.A20.00.003.15770.035), de nivel 12, co complemento específico xeral do dito nivel, coa forma de provisión por concurso, aberto ao subgrupo C2, coa adscrición exclusiva a funcionarios da xunta de Galicia. Posto vacante sen ocupación, que se amortiza para a creación dun posto de técnico/a de cociña incluído na RPT da entidade.

En resumo, esta é a relación de prazas a crear (4) e a amortizar (4), para dar resposta ás necesidades actuais da Axencia Turismo de Galicia:

Nº	CREACIÓN	AMORTIZACIÓN
1	**Xef. de Sección Contabilidade Financeira** PX.A29.10.002.15770.015 (RPT)	**Xestor/a Área de Xestión Econ. e de Persoal** PX_EXT49 (NON RPT)
2	**Xefatura Sección Obras** PX.A29.10.002.15770.051 (RPT)	**Xestor/a I TUP** PX_EXT88 (NON RPT)
3	**Técnico/a Cociña I** PX.A29.10.005.15770.016 (RPT)	**Titulado/a Medio** PX_EXT42 (NON RPT)
4	**Técnico/a Cociña II** PX.A29.10.005.15770.017 (RPT)	**Posto base subgrupo C2** PX.A20.00.003.15770.035 (RPT)

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director da Axencia Turismo de Galicia
José Manuel Merelles Remy

Asinado por: JOSE MANUEL MERELLES REMY
Cargo: Director
Data e hora: 08/05/2025 18:26:28

CVE: tXXVjlsymO06
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve